

En *Ollos de aula* tamén tiñamos moitas ganas de que chegase a primavera, cunha raiola de sol que nos animase a coller folgos, a pasear e a gozar das rúas e dos parques; agora que ese desexo semella facerse realidade, queremos anunciarvos, en exclusiva, as tendencias de moda para a nova temporada; atendan, por favor, ás propostas variadas que lles ofrecemos.

- o *look* estrela para os vindeiros meses vai ser a combinación da lingua galega coas actitudes abertas e sen prexuízos; un estilo atractivo e contemporáneo, que se adapta perfectamente a ámbitos urbanos e ao ritmo de vida das xeracións máis novas.
 - podemos acompañar ese *look* básico con outros complementos que realzan a nosa personalidade: unha aposta clara pola variedade cromática que nos ofrece a cultura do país, cunha oferta moi suxestiva que inclúe cine, literatura, teatro, banda deseñada, música en directo... Só fai falta que nos atrevamos a romper coa rutina, con eses tópicos que nos deixan estarricados no sofá, a consumir partidos de fútbol ou crónica rosa.
 - por suposto, se queremos renovar a fondo o noso vestiario, será necesario que fagamos unha aposta forte por integrar as cores azuis da nosa lingua na pasarela do plurilingüismo; porque non pode haber nada máis *fashion* que compartir co resto do mundo aquelas palabras que nos volven especiais e singulares. En voz alta e sen ningún tipo de complexo.
- En definitiva, gocemos da primavera con elegancia, estilo e, sobre todo, un toque de autoestima.



Abril dos libros. Lendo para medrar

Adaptacións curriculares

A importancia de almorzar ben




CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler

Penúltimas tendencias [Carlos Negro. Ed. Xerais]. Unha reivindicación dende a poesía dos dereitos da muller, quen debe ser forte para pisar tiranías que nos veñen dadas pola superficialidade e o baleiro de revistas e modas actuais. O libro presenta unha moza que tan só desexa ser ela mesma, persoa independente e cos seus propios gustos, coa súa propia voz. Non é rebeldía, é autenticidade. E para iso debe ser tan forte que debe loitar contra unha sociedade redirixida que tenta gobernala, subornala e manipulala. Toda unha lección de intelixencia e acerto.



Para ler

O Grúfalo [Julia Donaldson e Axel Scheffler. Ed. Patas de Peixe]. Sempre é unha boa nova que os mellores álbums ilustrados se traduzan á nosa lingua. Este é o caso deste libro, unha fábula –conto rimado– sobre o poder do maxín, pero tamén do medo na que o primeiro que chama a atención é o propio título. Un libro divertido que fai rir a grandes e pequenos. Un ratiño enxeñoso que inventa un animal para salvarse e que terá un final sorprendente. Un monstro delicioso nun libro cheo de vida e de astucia.



Para pasear

Despois de tanta cicloxénese invernal, a primavera agarda cunha sorpresa ben agradable: os ríos van cheiños de auga! Así que non hai mellor opción de paseo dominical que achegarse a unha das fervezas que os nosos ríos ofrece, como a do ferveza do Toxa, no concello de Silleda. Unha ferveza de máis de trinta metros de caída libre que constitúe un magnífico espectáculo. Ademais, pode facerse unha ruta a pé ata o Mosteiro de Carboeiro a carón do río Deza de pouca dificultade para realizar en familia. Recomendación: deixar o coche onda o Mosteiro e comezar alí a andaina.



Xa está en marcha unha nova edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes. Visita <http://ir.gl/c5e3b9> e descubre cando vai estar preto da túa casa.



Recorda que dende o 1 de marzo está aberto o proceso de admisión e matrícula para o curso 2014-2015. Tes toda a información en <http://ir.gl/O55153>

Entre o 14 de marzo e o 5 de abril non podes deixar de visitar o XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Toda a información en www.salondolibro.org

Se buscas unha alternativa ao WhatsApp, podes descargar Galegram, a versión galega do famoso Telegram. <http://ir.gl/O1be4b>



Tes un móbil Android? Buscas aplicacións, xogos, análises, novas...? Entón deberías visitar mallandonoandroid.com



Achégase o mes de maio e con el o Día das Letras Galegas, este ano dedicadas a Xosé María Díaz Castro. Podes saber máis sobre el en <http://ir.gl/f613ec>

Revista editada pola CGENDL
www.coordinadoraendl.org
ollosdeaula@gmail.com
Deseño-maquetación:tallerDD.com

{ADAPTACIÓN CURRICULAR [1]}

A adaptación curricular consiste en adecuar o ensino ás circunstancias específicas dun estudante. Hai dous grandes grupos de adaptacións: as individualizadas e as de acceso ao currículo. Hoxe falaremos das primeiras. As outras tocarán no vindeiro número.

As adaptacións curriculares individualizadas (A.C.I.)

Só afectan a un alumno/a concreto. Poden ser:

- 1. De ampliación** dos contidos e os obxectivos que se van traballar. Utilízanse en alumnado con sobredotación.
- 2. Non-significativas.** Non cambian os contidos fundamentais do curso, pero axustan algún elemento para facilitar que o rapaz acadar os obxectivos con éxito. Normalmente afectan á avaliación ou á metodoloxía empregada na aula. Por exemplo, un neno/a con dislexia precisa máis tempo para facer o exame, e cunha adaptación poderíamos repartir as probas en varias sesións; un rapaz/a con déficit de atención necesita traballar con textos breves e preguntas curtas. Cunha adaptación podemos ofrecerlle ese axuste individual.
- 3. Significativas (A.C.S.).** Son un recurso para rapaces/as que non son quen de acadar os obxectivos básicos por dificultades especiais (capacidade intelectual, absentismo, enfermidade grave, etc.). Escollemos os obxectivos e contidos considerados mínimos ou fundamentais e modificamos ou eliminamos outros. Estas adaptacións requiren a aprobación de todos os profesores/as do estudante. Algún exemplo: suprimir contidos da área de música para rapaces/as con discapacidade auditiva ou traballar contidos de 5º de primaria en rapaces/as que cursan 2º de ESO e non teñen superados os niveis anteriores.



Fundamentalmente, por dúas razóns. Por un lado, temos que pensar que o corpo vén de durmir e leva 8, 10 ou 12 horas sen alimentarse, polo que necesita enerxía. Se un neno/a vai ao colexio sen comer nada, o normal é que se sinta cansado/a, débil, que teña dificultade para concentrarse e que, incluso, se amose irritable. Por outro lado, os estudos teñen demostrado que nos nenos/as que almorzan aumenta a duración da atención e a eficacia do seu traballo, polo que un bo almorzo se traduce tamén nunha mellora do rendemento escolar.

De todos os xeitos, non chega con almorzar, hai que facelo ben, e para iso é importante que o que tomen teña os nutrientes necesarios. O ideal sería que contase con hidratos de carbono (pan, cereais, galletas...), lácteos (leite, iogur, queixo...), froitas (enteiras ou en zumes...) e proteínas (xamón cocido, xamón serrano...). Tamén é importante que despois, á media mañá, tomen unha pequena merenda (para repoñer enerxías), na que se deberían evitar os bolos industriais, polo seu alto contido en azucres e ácidos graxos.



Todo isto parece de pura lóxica, pero na actualidade, segundo os datos do Ministerio de Sanidade, só o 7,5 dos nenos e nenas almorza correctamente. A infancia é un momento fundamental para adquirir hábitos, tamén na alimentación.

Espazo Lectura desenvolve no Val Miñor un amplo proxecto de fomento da lectura que inclúe actividades estables, tanto para público adulto ou adolescente como para nenos e nenas coas súas familias. Agora que se achega o mes de abril, mes dos libros, a súa presidenta, e profesora no IES Auga da Laxe de Gondomar, Concha Costas, explícanos neste artigo como introducir aos nosos fillos e fillas na lectura.

Concha Costas

[Presidenta de Espazo Lectura e profesora do IES Auga da Laxe]

Máis alá de delegar na escola ou nas bibliotecas o labor de creación de hábitos lectores entre os nosos fillos e fillas, as familias debemos asumir un papel activo que complementa, desde o espazo da afectividade, ese traballo fundamental de fortalecer as competencias lectoras, tan necesarias para o seu desenvolvemento lingüístico e académico.

Debemos poñer os nenos e nenas en contacto co libro desde bebés. Hai libros de madeira, de tea, de plástico ou de cartón duro que lles podemos ofrecer para que se familiaricen con eles. Tamén neses primeiros anos debemos botar man das cancións, rimas, adiviñas, ladaíñas, xogos de repetición e toda a riqueza da nosa tradición oral como unha necesaria forma de pre-lectura. A introdución do libro debe ser axeitada á súa idade e á súa evolución, comezando por libros de imaxes, cos que ir adquirindo vocabulario, para avanzar logo cara ao álbum ilustrado e outros libros nos que vaian gañando espazo os textos, en prosa e en verso, cun léxico rico e variado. Débese procurar tamén que as ilustracións sexan variadas e novidosas para que contribúan a ir formando a súa educación plástica. Do mesmo xeito que non lles damos de comer todos os días a mesma cousa, tampouco debemos ofrecerlles sempre o mesmo tipo de ilustracións ou de historias.

As familias debemos asumir un papel activo na creación de hábitos lectores

E non hai que esquecer que os adultos somos modelo de referencia e eles/elas senten a necesidade de imitarnos: é bo que nos vexan ler todo tipo de textos e en calquera soporte, que vaíamos con eles/elas ás librerías, ás bibliotecas, ás sesións de contacontos, que fagamos da lectura un hábito máis da nosa vida cotiá. E é moi importante que os tempos que dediquemos a compartir con eles/elas momentos de lectura sexan relaxados e agradables, que perciban que estamos gozando desa actividade, que non sintan que temos prisa, que estamos desexando acabar para facer outra cousa. É mellor dedicarlle menos tempo, pero con atención e dedicación exclusiva, desde o afecto e o cariño.

E cando o neno ou nena chegue a esa idade en que comeza a ler só, non debemos abandonalo, hai que seguir acompañando as súas lecturas. Podemos facelo doutro xeito: ler por quendas, que nos lea el/ela a

nós, que nos empreste os libros que vai lendo para lelos nós tamén e logo comentalos, preguntarlle polas súas lecturas e pedirlle que nos recomende libros... Converter o fomento da lectura nun eixo importante da educación dos nosos fillos e fillas permítenos crear tempos para compartir, abrir espazos de conversa, mellorar a súa adquisición da linguaxe, reforzar as súas competencias de comprensión lectora, achegarnos a moitos temas e situacións que lles preocupan. Porque lendo medramos en moitos sentidos. [Máis información en www.espazo-lectura.org]

